Quinto. Contra as liquidacións incorporadas ao padrón tódolos interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado I) do precepto anteriormente citado. O recurso entenderase desestimando se non se resolve expresamente no prazo dun mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal e como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que ses estime pertinente.>>



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Aprobación do Padrón fiscal da taxa polos servizos de subministración de auga e conservación de contadores e acometidas, saneamento, depuración de augas residuais e canon da auga creado na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, e coeficiente de vertedura e saneamento correspondente ao segundo trimestre do 2017 (abril a xuño)*, nos termos expresados anteriormente.

17.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 4-PARCIAL DA OBRA: "REHABILITACIÓN DA CASA DOS CAPELÁNS SITA NA EX-COLEXIATA DE SANTA MARÍA DE IRÍA-FLAVIA".

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. O 22 de outubro de 2014 publícase no BOE número 256 a Orden FOM/1932/2014, do 30 de setembro, do Ministerio de Fomento pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para actuacións de conservación ou enriquecemento do Patrimonio Histórico Español, con cargo aos recursos procedentes das obras públicas financiadas polo Ministerio de Fomento e polas Entidades do sector público dependentes ou vinculadas.

Segundo. O 27 de novembro de 2014 publícase no BOE número 287 a Resolución do 24 de novembro do 2014 da Secretaría de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, pola que se convoca a presentación de solicitudes mediante concorrencia competitiva ao Programa 1,5 % Cultural do Ministerio de Fomento.

Terceiro. Tendo en conta que a finalidade destas axudas é o financiamento, cun máximo do 75%, dos traballos de conservación ou enriquecemento de bens inmoables declarados Bens de Interese Cultural de titularidade pública ou cuxo uso fora cedido para un uso público, o 22 de decembro de 2014 rexístrase de saída a solicitude dunha axuda con cargo a este Programa para a rehabilitación da Casa dos Capeláns situada no entorno da ex-Colexiata de Iria Flavia.

Cuarto. Consta no expediente de solicitude da axuda a autorización das obras outorgada por Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 8 de abril de 2011, así como a comunicación desta Dirección Xeral do 16 de novembro do 2015 na que se pon de manifesto a autorización outorgada non está sometida a caducidade e que polo tanto está vixente.

Quinto. O 17 de novembro de 2015 o arquitecto técnico, Francisco Ferro González, emite informe ao proxecto da obra no que se conclúe que recolle o contido mínimo esixido no artigo 123 do TRLCSP, que cumpre a normativa urbanística e o planeamento municipal, que non está suxeto ao trámite de avaliación ambiental, que non precisa estudo xeotécnico dos terreos, que si precisa do informe de supervisión de proxectos, que conta coa autorización de Patrimonio e que non precisa ningunha outra autorización sectorial, que se dispón dos terreos e da súa titularidade e que a obra pode calificarse como unha unidade funcional susceptible de utilización ou aproveitamento separado.

Sexto. O 10 de decembro de 2015 asínase co Arzobispado de Santiago de Compostela unha prórroga, por 4 anos máis do Convenio de colaboración asinado o 17 de outubro de 2011 en virtude do cal o Arzobispado, en calidade de propietario da antiga Casa dos Capeláns cede ao Concello de Padrón o uso e aproveitamento gratuito deste inmoable por sesenta anos, o cal resulta aceptado por Resolución do Alcalde 272/2011, do 17 de outubro.

Sétimo. Trala tramitación do correspondente expediente de solicitude da axuda de acordo aos requirimentos formulados polo Ministerio de Fomento, o 30 de decembro de 2015 ten entrada no rexistro municipal a comunicación da Resolución da Ministra de Fomento do 18 de decembro de 2015 pola que se concede definitivamente a axuda solicitada por importe 396.207,19 € equivalente ao 75% do importe da

obra.

Oitavo. O 20 de xaneiro do 2016 ten entrada no rexistro municipal a comunicación do Ministerio de Fomento pola que se relacionan as actuacións a levar a cabo e os prazos de xustificación da mesma. Entre estos últimos recóllese o prazo máximo de 4 meses para iniciar as obras contados desde a recepción do pagamento da subvención.

Visto que o ingreso realizouse o 30 de decembro de 2015 e que en abril aínda non estaba aprobado o Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, con cargo ao cal se solicitara o financiamento do 25% restante da obra, por escrito do 8 de abril de 2016 (rexistro de saída o 11 de abril) solicítase unha prórroga do prazo para inicar as obras ao Ministerio de Fomento.

Noveno. O 12 de maio de 2016 ten entrada no rexistro municipal a comunicación do Ministerio pola que se concede a prórroga solicitada ata o 30 de outubro de 2016.

Décimo. Simultaneamente, a Deputación Provincial convoca o Plan de acción social 2015 no que se recolle un apartado específico para a subvención nominativa solicitada por este Concello para o financiamento do 25% restante da obra de rehabilitación.

Décimo primeiro. Por acordo do Pleno do 17 de decembro de 2015 acórdase participar neste plan provincial con esta obra no apartado PAS-CONVENIOS e apróbase o proxecto técnico da obra denominado "Proyecto básico y de ejecución para la rehabilitación de la Casa de los Capellanes sita en el atrio de la ex Colegiata de Santa María de Iria Flavia, Padrón" redactado polo arquitecto don Ramón Andrés Rey Otero, colexiado 3.048, cun orzamento de execución por contrata de 528.276,25 € e ese mesmo día rexístrase na plataforma provincial a solicitude.

Décimo segundo. O 18 de febreiro do 2016 recepciónase a notificación telemática da Deputación Provincial na que se poñen de manifesto unha serie de deficiencias no proxecto técnico que deben ser obxecto de corrección.

Décimo terceiro. O 23 de febreiro do 2016 o redactor do proxecto emite informe sobre as deficiencias detectadas e por Resolución do Alcalde 123/2016, do 26 de febreiro, apróbase a modificación número 1 deste proxecto que tan só consiste na eliminación de marcas e modelos comerciais. Esta resolución é ratificada polo Pleno da Corporación o 31 de marzo de 2016.

Décimo cuarto. O 4 de xullo de 2016 recepciónase a notificación telemática da Deputación Provincial pola cal se aproba o PAS 2015 coa inclusión da devandita obra e polos importes solicitados.

Décimo quinto. Por Providencia do Alcalde 28 de xullo do 2016 incóase o expediente de contratación, ordénase a incorporación ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Deputación Provincial da Coruña e publicados no Boletín Oficial da Provincial da Coruña número 3 do 7 de xaneiro do 2016 e a emisión por parte da intervención municipal do certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o sustitúa por importe de 528.276,25 € IVE incluído.

Décimo sexto. No mesmo acordo ordénase publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.padron.gal ou www.contratosdegalicia.es) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña resultando insertado en ambos o 23 de agosto de 2016.

Décimo sétimo. Durante o prazo de trece (13) días naturais outorgado para a presentación das ofertas, que rematou o 5 de setembro de 2016, presentáronse un total de oito (8).

Décimo oitavo. O 15 de setembro de 2016 procédese á apertura dos Sobre A e o día 19 de setembro de 2016 á dos Sobres B e seguidamente solicítase informe ao Comité de Expertos sobre o contido destes últimos, o cal resulta emitido o 27 de setembro. En data 7 de outubro de 2016, a Mesa de Contratación, visto o informe do Comité de Expertos, propón excluír aos seguintes licitadores: Obras y Viales de Galicia, SA, Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA, e Copcisa, SA.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Décimo noveno. O 10 de outubro de 2016 procédese á apertura dos sobres C e á valoración do conxunto das ofertas. Para elo, acórdase solicitar informe ao arquitecto técnico Francisco Ferro González ao respecto de si as ofertas presentadas de redución do prazo de execución estaban debidamente xustificadas. Este emítese o 14 de outubro de 2016 sinalando que as licitadoras Espina & Delfín, SL, Constructora Ediservo, SL e Proycoga, SA, non o xustifican.

vixésimo. Reunida a Mesa de Contratación o 17 de outubro de 2016 esta acorda requerir a Construcciones Orega, SL, para que xustifique o valor desproporcionado da súa proposición. A documentación preséntase o 21 de outubro de 2016 e o 28 emítese informe técnico e nel conclúese que non se entenden xustificados os valores desproporcionados ou anormais da oferta de Construcciones Orega, SL.

Vixésimo primeiro. O 2 de novembro de 2016 a Mesa de Contratación outorga as puntuacións finais ás licitadoras participantes que superaron a Fase I e cuxas ofertas non foron excluídas e procede a ordenalas de xeito decrecente e seguidamente formula proposta de adxudicación do contrato a favor da licitadora cunha maior puntuación: CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL.

Vixésimo segundo. O 3 de novembro de 2016 requírese a esta sociedade para que presente no prazo máximo de 5 días hábiles a documentación relacionada na cláusula 12.1.1 e 16.1 do prego de administrativas e no artigo 151.2 do TRLCSP. Esta resulta presentada o 14 de novembro e solicítase informe técnico sobre a suficiencia e correcta acreditación da dispoñibilidade dos medios técnicos que se comprometeron a adscribir á execución do contrato. O mesmo día emítese o informe e nel conclúese que é correcta.

Vixésimo terceiro. Reunida a Mesa de Contratación o día 15 de novembro de 2016 acorda formular proposta de adxudicación a CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL.

Vixésimo cuarto. O 15/11/2016 por resolución da Alcaldía número 681, resólvese adxudicar o contrato a CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL.

Vixésimo quinto. O 16/11/2016 asínase contrato coa licitadora.

Vixésimo sexto: O 23/11/2016 por resolución da Alcaldía 695 designase empresa de control de calidade a EUROTEC INSPECCIÓN,SLU, onde o adxudicatario se compromete a asumir os custes derivados dos controis externos de calidade que determine a dirección facultativa a través da empresa designada polo Concello, por un importe máximo do 4% do orzamento de execución material do proxecto aprobado (366.883,98 €), por un importe máximo de 14.675,36 € e designase coordinador de control de calidade da obra a don Jesús Baliña de Jesús.

Vixésimo sétimo. O 24/11/2016 remítese proxecto de control arqueolóxico dos traballos vinculados ás obras, elaborado polo arqueólogo don Ignacio Armando Crespo Liñeiro de ARGOS, SL a Dirección Xeral do patrimonio cultural, conforme a Resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural do 08/04/2011, solicitando a autorización das mesmas.

Vixésimo oitavo. O 28/11/2016 apróbase o plan de seguridade e saúde da obra, así como o plan de residuos, e o plan de traballo.

Vixésimo noveno. O 30/11/2016 asínase a acta de comprobación do replanteo, asinada polo representante da Administración contratante (o concelleiro delegado de obras) pola dirección facultativa e polo representante da empresa contratista, quedando acreditadas, a xuízo do director de obra, e sen reserva por parte do contratista, as características xeométricas da obra, a dispoñibilidade dos terreos e a viabilidade do proxecto, polo que por parte do primeiro se autoriza o inicio das obras e a ocupación dos terreos necesarios para elo, de todo o cal queda notificado o contratista e empeza a contar dende ese momento o prazo de execución.

Trixésimo. O 05/12/2016 publicase no Boletín Oficial da Provincia número 230 o anuncio de formalización do contrato de execución das obras.

Trixésimo primeiro: O 11/01/2017 recíbese autorización do control arqueolóxico da obras coas condicións establecidas na resolución do 8 de abril de 2011.

Trixésimo segundo. O 06/02/2017 ten entrada a factura número 17/0013 de EUROTEC INSPECCIÓN,SLU, por importe de 2.807,20 euros.

Trixésimo terceiro. O 03/03/2017 ten entrada a factura número 17/0027 de EUROTEC INSPECCIÓN,SLU, por importe de 1.161,60 euros.

Trixésimo cuarto. O 05/04/2017 o contratista adxudicatario presenta 3 exemplares da certificación número 1-parcial da obra de referencia.

Trixésimo quinto. O 06/04/2017 acéptase a factura electrónica presentada polo contratista a través da plataforma FACe.

Trixésimo sexto. O 14/04/2017 emítase informe de intervención accidental sobre a certificación número 1-parcial da obra, na que indica que se debe requerir a empresa adxudicataria para que achegue fotografías do cartel da obra e do cartel da obra co seu contorno por triplicado exemplar asinadas polo director da obra coa data de realización, e requerir a dirección facultativa da obra informe sobre os controis externos de calidade requeridos para a presente certificación.

Trixésimo sétima. O 21/04/2017 requírese a empresa adxudicataria para que achegue fotografías do cartel da obra e do cartel da obra co seu contorno por triplicado exemplar asinadas polo director da obra coa data de realización, e a dirección facultativa da obra informe sobre os controis externos de calidade requeridos para a certificación 1-parcial.

Trixésimo oitavo. O 25/04/2017 achégase informe da dirección facultativa da obra informe sobre os controis externos de calidade requeridos para a certificación 1-parcial.

Trixésimo noveno. O 28/04/2017 achéganse fotografías do cartel da obra e do cartel da obra co seu contorno por triplicado exemplar asinadas polo director da obra coa data de realización.

Cuadraxésimo. O 08/05/2017 achéganse o contratista adxudicatario presenta 3 exemplares da certificación número 2- parcial da obra de referencia.

Cuadraxésimo primeiro. O 08/05/2017 ten entrada a factura número 17/0057 de EUROTEC INSPECCIÓN,SLU, por importe de 1.270,50 euros.

Cuadraxésimo segundo. O 09/05/2017 acéptase a factura electrónica presentada polo contratista a través da plataforma FACe.

Cuadraxésimo terceiro. O 11/05/2017 achégase informe da dirección de obra sobre os controis externos de calidade requeridos para a certificación 2-parcial.

Cuadraxésimo cuarto. O 05/06/2017 o contratista adxudicatario presenta 3 exemplares da certificación número 3-parcial da obra de referencia.

Cuadraxésimo quinto. O 06/06/2017 acéptase a factura electrónica presentada polo contratista a través da plataforma FACe.

Cuadraxésimo sexto. O 06/06/2017 ten entrada a factura número 17/0077 de EUROTEC INSPECCIÓN, SLU, por importe de 1.694,00 €.

Cuadraxésimo sétimo. O 13/07/2017 o contratista adxudicatario presenta 3 exemplares da certificación número 4-parcial da obra de referencia.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Cuadraxésimo Oitavo. O 13/07/2017 acéptase a factura electrónica presentada polo contratista a través da plataforma FACe.

Cuadraxésimo Noveno. O 13/07/2017 a Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón, acorda prorrogar o prazo de execución 40 días naturais con efectos dende o 30 de xuño do 2017 o que fai que o novo prazo remata o 09/08/2017.

Quincuaxésimo. O 31/07/2017 emítase informe da intervención accidental.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando que a competencia para aprobar as certificacións de obra e as facturas de calquera contía está delegada na Xunta de Goberno Local a teor do disposto no artigo 14 do Regulamento Orgánico Municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Considerando que existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 336/632.15 do orzamento vixente para o recoñecemento da correspondente obriga.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar a certificación número 4-parcial da obra "REHABILITACIÓN DA CASA DOS CAPELÁNS SITA NA EX-COLEXIATA DE SANTA MARÍA DE IRÍA-FLAVIA" (1,5 % Cultural do Ministerio de Fomento e PAS 2015), expedida polo director facultativo da obra, o arquitecto Ramón Andrés Rey Otero en data 05/07/2017 por importe total de 76.630,63 euros (IVE do 21% engadido).

Segundo. Aprobar a factura número rexistro no face 2017016816915, de data 13/07/2017, da empresa CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL, por importe de 76.630,63 euros recoñecendo a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 336/632.15 do orzamento vixente para o 2017.

Terceiro. Ordenar o pago da factura de referencia por importe de 76.630,63 euros, a CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL,.

Cuarto. Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Aprobación da certificación núm. 4-parcial da obra "Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita na ex-colexiata de Santa María de Iria-Flavia"*, nos termos expresados anteriormente.

18.- RENOVACIÓN DO CONTRATO DO SEGURO QUE CUBRE AS CONSECUENCIAS ECONÓMICAS DOS ACCIDENTES QUE POIDA SUFRIR O PERSOAL QUE PRESTA SERVIZOS NO CONCELLO DE PADRÓN.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<**Antecedentes administrativos.**

Primeiro: Considerando que en data 1 de agosto de 2017 tivo lugar o vencemento da póliza de seguro que cubre as consecuencias económicas dos accidentes que poida sufrir o persoal que presta servizos no Concello de Padrón, para dar cumprimento ao disposto no artigo 100.3 do convenio colectivo-acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Padrón.

Segundo: Considerando a necesidade de proceder á renovación de dita póliza de seguro e polo tanto debéndose proceder á aprobación do gasto e pago da mesma.

Terceiro: Considerando que segundo o informe da intervención Municipal de 3 de agosto de 2017 existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 920-22400 do orzamento vixente prorrogado para o 2017 para o pago do recibo correspondente.

Fundamentos de dereito.

Único: Considerando que o órgano competente para a aprobación de gastos e ordenación de pagos é a Xunta de Goberno Local ao abeiro do establecido no artigo 14 do Regulamento Orgánico Municipal publicado no BOP número 27, de 3 de febreiro de 1998.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

Primeiro: Aprobar o gasto de renovación da póliza de seguro que cubre as consecuencias económicas dos accidentes que poida sufrir o persoal que presta servizos no Concello de Padrón, cunha cobertura durante o período do 1/8/2017 ao 1/08/2018, segundo a póliza presentada por Adina Xestión Seguros S.L., a subscribir coa empresa aseguradora Reale Seguros Generales S.A., por un importe total de 3.114,09 € e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 920-22400 do orzamento vixente.

Segundo: Ordenar o pago da devandita póliza a Adina Xestión Seguros S.L., para que efectúe o abono á compañía aseguradora Reale Seguros Generales S.A., por importe total de 3.114,09 €.

Terceiro: Con independencia do que poidan reflexar as condicións xerais e particulares na póliza de seguro que se está a renovar, enténdese que non será necesaria notificación previa de non renovación á compañía aseguradora unha vez concluído o período do seguro en curso.

Cuarto. Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Renovación do contrato do seguro que cubre as consecuencias económicas dos accidentes que poida sufrir o persoal que presta servizos no Concello de Padrón*, nos termos expresados anteriormente.

MOCIÓN DE URXENCIA

Rematada a orde do día da convocatoria e de acordo ao establecido nos artigos 83 e 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), por aplicación do disposto no artigo 113.1 do mesmo, sométese a consideración da Xunta de goberno local a seguinte moción de urxencia:

MOCIÓN DE URXENCIA.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DE IMPULSIÓN DE AUGAS DE SANEAMENTO EN CARCACÍA" POR PROCEDIMENTO ABERTO E



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

TRAMITACIÓN URXENTE, EXPTE. 02/2017-OB-PA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 2 de xuño de 2017:

<<Visto que o día 8 de agosto do 2017 a empresa proposta como adxudicataria do contrato da obra "Proxecto modificado nº 2 de impulsión de augas de saneamento en Carcacia" presentou a documentación esixida no requerimento remitido o 1 de agosto do 2017 e visto que a adxudicación deste contrato é urxente dado que o prazo máximo para xustificar a súa efectiva realización ante a Deputación Provincial da Coruña, en tanto que ente financiador do investimento, remata o 1 de novembro do 2017

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Ratificar a urxencia da presente moción para os efectos de poder formalizar o contrato da obra "Proxecto modificado nº 2 de impulsión de augas de saneamento en Carcacia", executala e xustificar esta ante a Deputación Provincial antes do 1 de novembro do 2017.

Segundo. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre a urxencia da moción, o Presidente somete esta a votación, resultando aprobada por unanimidade das e dos presentes.

Seguidamente procédese ao debate e votación do asunto.

MOCIÓN DE URXENCIA.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DE IMPULSIÓN DE AUGAS DE SANEAMENTO EN CARCACIA" POR PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN URXENTE, EXPTE. 02/2017-OB-PA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 2 de xuño de 2017:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 1 de xuño do 2017, aprobouse o expediente administrativo de contratación da obra "Proxecto modificado nº 2 de impulsión de augas de saneamento en Carcacia", por procedemento aberto e tramitación urxente, expte. número 02/2017-OB-PA.

Segundo. No mesmo acordo ordénase publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.padron.gal ou www.contratosdegalicia.gal), no BOP e no xornal La Voz de Galicia, resultando insertado o 9 de xuño do 2017.

Terceiro. Durante o prazo de trece (13) días naturais outorgado para a presentación das ofertas, que rematou o 22 de xuño do 2017, presentáronse un total de 17.

Cuarto. O 30 de xuño do 2017 a Mesa de Contratación procede á apertura dos Sobres A e o 5 de xullo, en acto público, á apertura dos Sobres B e seguidamente fai entrega do contido íntegro destes últimos ao Comité de Expertos designado por Decreto do Alcalde 477/2017, do 4 de xullo, para os efectos de que proceda á súa valoración de acordo ao establecido na cláusula 15.1.1ª Fase e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas.

Quinto. O 7 de xullo de 2017 o Comité de Expertos emite o seu informe de valoración e o 10 de xullo a

Mesa de contratación acorda aprobar a valoración proposta neste informe, declarar excluída do procedemento á licitadora OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL, por non ter acadado a puntuación mínima de 12,50 para pasar á seguinte fase e convocar o acto público de apertura dos Sobres C que conteñen as ofertas económicas e referencias valorables automaticamente para o día 11 de xullo do 2017, ás 13:00 horas, o que se fai público ese mesmo día no perfil do contratante e no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Sexto. O 11 de xullo de 2017 procédese, en acto público, á apertura dos sobres C e á valoración do conxunto das ofertas. Dos cálculos realizados extráese que 3 das ofertas presentadas conteñen valores anormais ou desproporcionados polo que no mesmo acto acórdase requirir ás seguintes licitadoras a xustificación dos mesmos de acordo ao previsto na cláusula 15.4 do prego de administrativas:

- MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, SL.
- CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL.
- EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, SL.

Sétimo. O 14 de xullo rexístranse de saída os tres requerimentos. Rematado o prazo outorgado para elo, as número 1 e 2 presentan a documentación xustificativa e a número 3, o 19 de xullo do 2017, remite por correo electrónico escrito no que manifesta que renuncia a presentala.

Oitavo. O 21 de xullo solicítase informe técnico sobre as xustificacións presentadas, o cal resulta emitido o 28 de xullo e no mesmo conclúese que non se consideran xustificadas os valores desproporcionados ou anormais incluídos nas dúas ofertas.

Noveno. O 1 de agosto a Mesa de Contratación acorda declarar excluídas do procedemento ás tres licitadoras mencionadas e formula proposta de adxudicación a favor de OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL, ao tratarse da licitadora que obtivo unha maior puntuación no procedemento e cuxa oferta reúne os requisitos para poder ser aceptada.

Décimo. Ese mesmo día requírese a esta última para que presente a documentación relacionada na cláusula 16.1. do prego de administrativas e 151.2 do TRLCSP, quen a presenta o 8 de agosto, e o 10 a Mesa de Contratación comproba que é correcta.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Vistos os criterios recollidos no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación e a proposta formulada pola Mesa de Contratación o 1 de agosto do 2017 de valoración das ofertas presentadas e de adxudicación a favor da que obtivo unha maior puntuación.

Segundo. Considerando que o artigo 151.3 da Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP) recolle que "*o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro do prazo dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación*", referíndose con elo aos certificados de estar ao corrente das débedas tributarias e das obrigas coa seguridade social e á garantía definitiva.

Terceiro. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSP, posto que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local polo artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Declarar admitidas a todas as persoas licitadoras que participaron no procedemento de contratación 02/2017-OB-PA, a saber:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

1. EXCAVACIONES DARIO, SL.
2. CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, SA.
3. MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, SL.
4. MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL.
5. EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, SL.
6. TARRIO Y SUÁREZ, SL.
7. CONSTRUCCIONES VALE, SL.
8. COPCISA, SA.
9. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU.
10. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA.
11. CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL.
12. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL.
13. ALCOMTE GALICIA, SL.
14. CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL.
15. OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL.
16. HORDESCON, SL.
17. SYR-AMG, SLU.

Segundo. Declarar excluída do procedemento á seguinte licitadora por non acadar a puntuación mínima de 12,50 tal e como sinala a cláusula 15.1.1ª Fase do prego de administrativas que rexe esta contratación:

- OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL.

Terceiro. Entender non xustificadas os valores anormais ou desproporcionados detectados nas ofertas das seguintes licitadores dado que a primeira non presentou xustificación algunha e a segunda e terceira non o fixeron correctamente de acordo ao informe técnico emitido o 28 de xullo de 2017, e en consecuencia excluír ás tres da clasificación tal e como establece o artigo 152.4 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF):

- a) EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, SL.
- b) CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL.
- c) MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, SL.

Cuarto. Tendo en conta o acordo anterior e o acordo adoptado por esta Mesa de Contratación na súa reunión do 11 de xullo de 2017 (Acta 4) outorgar as seguintes puntuacións parciais e totais ás licitadoras admitidas no procedemento, que superaron a Fase I e cuxas ofertas non foron excluídas por conter valores anormais ou desproporcionados non xustificadas e ordenalas de xeito decrecente en función da puntuación obtida:

1º OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL		
CRITERIO DE VALORACIÓN	OFERTA	PUNTUACIÓN

A) Programa de traballo (max. 13 p).	-----	9,75
B) Programa de actuación ambiental (max. 6 p).	-----	3,60
C) Plan de control de calidade (max. 9 p).	-----	7,65
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (máx. 12)	-----	10,00
SUBTOTAL FASE I		31,00
E) Porcentaxe de control interno de calidade (max. 1 p).	10,00%	0,30
F) Porcentaxe de control de externo de calidade (max. 9 p).	1%+3%	9,00
G) Oferta económica, IVE incluído (máx. 40).	146.420,01 €	33,43
SUBTOTAL FASE II		42,73
TOTAL		73,73

2º SYR-AMG, SLU		
CRITERIO DE VALORACIÓN	OFERTA	PUNTUACIÓN
A) Programa de traballo (max. 13 p).	-----	8,78
B) Programa de actuación ambiental (max. 6 p).	-----	3,90
C) Plan de control de calidade (max. 9 p).	-----	4,95
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (máx. 12)	-----	8,50
SUBTOTAL FASE I		26,13
E) Porcentaxe de control interno de calidade (max. 1 p).	10,00%	0,30
F) Porcentaxe de control de externo de calidade (max. 9 p).	1%+3%	9,00
G) Oferta económica, IVE incluído (máx. 40).	136.397,01 €	38,29
SUBTOTAL FASE II		47,59
TOTAL		73,72

3º ALCOMTE GALICIA, SL		
CRITERIO DE VALORACIÓN	OFERTA	PUNTUACIÓN
A) Programa de traballo (max. 13 p).	-----	9,75
B) Programa de actuación ambiental (max. 6 p).	-----	2,10
C) Plan de control de calidade (max. 9 p).	-----	7,65
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (máx. 12)	-----	8,00
SUBTOTAL FASE I		27,50
E) Porcentaxe de control interno de calidade (max. 1 p).	5,00%	0,15
F) Porcentaxe de control de externo de calidade (max. 9 p).	1%+3%	9,00
G) Oferta económica, IVE incluído (máx. 40).	153.428,00 €	30,03
SUBTOTAL FASE II		39,18
TOTAL		66,68

4º NEXIA INFRAESTRUTURAS, SLU		
CRITERIO DE VALORACIÓN	OFERTA	PUNTUACIÓN
A) Programa de traballo (max. 13 p).	-----	8,78



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

B) Programa de actuación ambiental (max. 6 p).	-----	1,80
C) Plan de control de calidade (max. 9 p).	-----	5,40
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (máx. 12)	-----	4,00
SUBTOTAL FASE I		19,98
E) Porcentaxe de control interno de calidade (max. 1 p).	7,00%	0,21
F) Porcentaxe de control de externo de calidade (max. 9 p).	1%+3%	9,00
G) Oferta económica, IVE incluído (máx. 40).	140.999,71 €	36,06
SUBTOTAL FASE II		45,27
TOTAL		65,25

5º MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, SL		
CRITERIO DE VALORACIÓN	OFERTA	PUNTUACIÓN
A) Programa de traballo (max. 13 p).	-----	5,85
B) Programa de actuación ambiental (max. 6 p).	-----	3,30
C) Plan de control de calidade (max. 9 p).	-----	4,05
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (máx. 12)	-----	8,00
SUBTOTAL FASE I		21,20
E) Porcentaxe de control interno de calidade (max. 1 p).	10,00%	0,31
F) Porcentaxe de control de externo de calidade (max. 9 p).	1%+3%	9,00
G) Oferta económica, IVE incluído (máx. 40).	144.173,19 €	34,52
SUBTOTAL FASE II		43,83
TOTAL		65,03

6º EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA		
CRITERIO DE VALORACIÓN	OFERTA	PUNTUACIÓN
A) Programa de traballo (max. 13 p).	-----	6,83
B) Programa de actuación ambiental (max. 6 p).	-----	3,30
C) Plan de control de calidade (max. 9 p).	-----	6,30
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (máx. 12)	-----	8,00
SUBTOTAL FASE I		24,43
E) Porcentaxe de control interno de calidade (max. 1 p).	20,00%	0,59
F) Porcentaxe de control de externo de calidade (max. 9 p).	1%+3%	9,00
G) Oferta económica, IVE incluído (máx. 40).	152.264,56 €	30,60
SUBTOTAL FASE II		40,19
TOTAL		64,62

7º CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL		
CRITERIO DE VALORACIÓN	OFERTA	PUNTUACIÓN
A) Programa de traballo (max. 13 p).	-----	6,83
B) Programa de actuación ambiental (max. 6 p).	-----	3,60

C) Plan de control de calidade (max. 9 p).	-----	5,85
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (máx. 12)	-----	8,00
SUBTOTAL FASE I		24,28
E) Porcentaxe de control interno de calidade (max. 1 p).	32,00%	0,94
F) Porcentaxe de control de externo de calidade (max. 9 p).	1%+3%	9,00
G) Oferta económica, IVE incluído (máx. 40).	155.185,86 €	29,12
SUBTOTAL FASE II		39,06
TOTAL		63,34

8º TARRIO Y SUÁREZ, SL		
CRITERIO DE VALORACIÓN	OFERTA	PUNTUACIÓN
A) Programa de traballo (max. 13 p).	-----	12,35
B) Programa de actuación ambiental (max. 6 p).	-----	4,20
C) Plan de control de calidade (max. 9 p).	-----	8,10
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (máx. 12)	-----	11,00
SUBTOTAL FASE I		35,65
E) Porcentaxe de control interno de calidade (max. 1 p).	10,00%	0,30
F) Porcentaxe de control de externo de calidade (max. 9 p).	1%+3%	9,00
G) Oferta económica, IVE incluído (máx. 40).	178.640,28 €	16,70
SUBTOTAL FASE II		26,00
TOTAL		61,65

9º COPCISA, SA		
CRITERIO DE VALORACIÓN	OFERTA	PUNTUACIÓN
A) Programa de traballo (max. 13 p).	-----	7,15
B) Programa de actuación ambiental (max. 6 p).	-----	3,90
C) Plan de control de calidade (max. 9 p).	-----	4,50
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (máx. 12)	-----	7,00
SUBTOTAL FASE I		22,55
E) Porcentaxe de control interno de calidade (max. 1 p).	33,87%	1,00
F) Porcentaxe de control de externo de calidade (max. 9 p).	1%+3%	9,00
G) Oferta económica, IVE incluído (máx. 40).	160.208,80 €	26,46
SUBTOTAL FASE II		36,46
TOTAL		59,01

10º CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, SA		
CRITERIO DE VALORACIÓN	OFERTA	PUNTUACIÓN
A) Programa de traballo (max. 13 p).	-----	7,80
B) Programa de actuación ambiental (max. 6 p).	-----	3,30
C) Plan de control de calidade (max. 9 p).	-----	3,60



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

D) Esquema do plan de seguridade e saúde (máx. 12)	-----	8,50
SUBTOTAL FASE I		23,20
E) Porcentaxe de control interno de calidade (max. 1 p).	3,00%	0,09
F) Porcentaxe de control de externo de calidade (max. 9 p).	1%+3%	9,00
G) Oferta económica, IVE incluído (máx. 40).	165.967,33 €	23,41
SUBTOTAL FASE II		32,50
TOTAL		55,70

11º EXCAVACIONES DARÍO, SL		
CRITERIO DE VALORACIÓN	OFERTA	PUNTUACIÓN
A) Programa de traballo (max. 13 p).	-----	8,13
B) Programa de actuación ambiental (max. 6 p).	-----	3,60
C) Plan de control de calidade (max. 9 p).	-----	3,15
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (máx. 12)	-----	8,00
SUBTOTAL FASE I		22,88
E) Porcentaxe de control interno de calidade (max. 1 p).	10,00%	0,30
F) Porcentaxe de control de externo de calidade (max. 9 p).	1%+3%	9,00
G) Oferta económica, IVE incluído (máx. 40).	168.132,02 €	22,27
SUBTOTAL FASE II		31,57
TOTAL		54,45

12º HORDESCON, SL		
CRITERIO DE VALORACIÓN	OFERTA	PUNTUACIÓN
A) Programa de traballo (max. 13 p).	-----	6,83
B) Programa de actuación ambiental (max. 6 p).	-----	3,60
C) Plan de control de calidade (max. 9 p).	-----	2,70
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (máx. 12)	-----	8,50
SUBTOTAL FASE I		21,63
E) Porcentaxe de control interno de calidade (max. 1 p).	9,00%	0,27
F) Porcentaxe de control de externo de calidade (max. 9 p).	1%+3%	9,00
G) Oferta económica, IVE incluído (máx. 40).	183.516,10 €	14,12
SUBTOTAL FASE II		23,39
TOTAL		45,02

13º CONSTRUCCIONES VALE, SL		
CRITERIO DE VALORACIÓN	OFERTA	PUNTUACIÓN
A) Programa de traballo (max. 13 p).	-----	6,50
B) Programa de actuación ambiental (max. 6 p).	-----	0,30
C) Plan de control de calidade (max. 9 p).	-----	3,15
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (máx. 12)	-----	3,00

	SUBTOTAL FASE I	12,95
E) Porcentaxe de control interno de calidade (max. 1 p).	1,50%	0,04
F) Porcentaxe de control de externo de calidade (max. 9 p).	1%+3%	9,00
G) Oferta económica, IVE incluído (máx. 40).	176.105,76 €	18,04
	SUBTOTAL FASE II	27,08
	TOTAL	40,03

Quinto. Adjudicar o contrato da obra "Proxecto modificado nº 2 de Impulsión de augas de saneamento en Carcacia", expediente número 02/2017-OB-PA, a favor de OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL, con código de identificación fiscal número B-15.608.193, ao tratarse da licitadora que obtivo unha maior puntuación no procedemento e cuxa oferta reúne os requisitos para poder ser aceptada, nas seguintes condicións:

- a) Porcentaxe de control interno de calidade = 10,00%.
- b) Porcentaxe de control externo de calidade = 1%+3%.
- c) Prazo de execución = 60 días naturais.
- d) Prezo:
 - e. Prezo sen IVE: cento vinte e un mil oito euros con vinte e sete céntimos (121.008,27 €).
 - f. IVE (21%): vinte e cinco mil catrocentos once euros con setenta e catro céntimos (25.411,74 €).
 - g. Prezo con IVE (a+b): cento corenta e seis mil catrocentos vinte euros cun céntimo (146.420,01 €).

Sexto. Citar ao representante da empresa adjudicataria para a sinatura do documento administrativo de formalización do contrato ás 11:00 horas do 11 de agosto do 2017, na Casa do Concello de Padrón.

Sétimo. Nomear director facultativo durante o tempo que dure a súa execución e ata a súa liquidación final unha vez transcorrido o prazo de garantía, ao enxeñeiro de camiños, canles e portos don Carlos Antelo Martínez, colexiado número 10.365, e coordinador da seguridade e saúde ao enxeñeiro de telecomunicacións don Javier García Méndez, de ASKIM Proyectos de Ingeniería, SL, con número de colexiado 10.338.

Oitavo. Designar, de acordo ao establecido na cláusula 29 do prego de administrativas, á seguinte empresa para realizar o control de calidade externo a costa do contratista por un importe máximo de 5.838,32 €, esto é, o 4% do orzamento de execución material do proxecto aprobado (145.958,08 €): EUROTEC INSPECCIÓN, SLU.

Noveno. Ordenar a publicación do correspondente anuncio de adjudicación no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.padron.gal e www.contratosdegalicia.gal) e notificar o presente acordo a todos as licitadoras participantes e ás nomeadas nos tres apartados anteriores, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer:

- a) Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- c) O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro,



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Décimo. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención-Tesourería.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Adjudicación do contrato da obra "Proxecto modificado nº 2 de impulsión de augas de saneamento en Carcacia" por procedemento aberto e tramitación urgente. Expte. 02/2017-OB-PA*, nos termos expresados anteriormente.

19.- ROGOS E PREGUNTAS.

Por parte das señoras concelleiras e dos señores concelleiros asistentes á sesión non se formula ningún rogo nin ningunha pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as once horas e vinte e dous minutos, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.